

Enquisa conxuntural a fogares. Segundo trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

No segundo trimestre de 2010 a confianza do consumidor aumenta 0,6 puntos con respecto ao trimestre anterior

Indicadores de confianza

No segundo trimestre de 2010 o indicador de confianza do consumidor (ICC¹) reflicte un valor de -24,6 puntos, 0,6 puntos máis que no trimestre anterior. Este aumento prodúcese polo incremento do indicador parcial das perspectivas de evolución do desemprego (8,9 puntos) e pola diminución dos indicadores parciais de evolución da capacidade futura de aforro (0,3 puntos), da situación financeira persoal (2,7 puntos) e da situación económica de Galicia (3,5 puntos).

Indicador de confianza do consumidor (ICC) e as súas compoñentes. Galicia


Ano	Trimestre	ICC	Indicadores parciais de perspectivas de evolución			
			Situación financeira persoal	Situación económica en Galicia	Capacidade de aforro	Desemprego
2010						
	I	-25,2	-8,5	-23,0	-31,7	-37,5
	II	-24,6	-11,2	-26,5	-32,0	-28,6

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

O indicador de confianza do consumidor varía en función do intervalo de ingresos do fogar. Os fogares con menores ingresos medios mensuais son os que presentan valores máis baixos no ICC mentres que a confianza aumenta ao incrementarse os ingresos do fogar.

¹ O ICC varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador amosan optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos consumidores galegos

Indicador de confianza do consumidor (ICC) segundo o intervalo de ingresos medios mensuais do fogar. Galicia. Segundo trimestre de 2010




Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Situación económica dos fogares nos últimos tres meses

No segundo trimestre de 2010 o 41,6% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 45,1% con dificultade e o 13,3% restante con moita dificultade.

Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Segundo trimestre de 2010 Galicia

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Medidas económicas tomadas polos fogares nos últimos tres meses

O 40,4% dos fogares galegos non se permitiu ningún extra nos tres últimos meses. Considérase como extra os gastos destinados a vacacións ou viaxes, facer fronte a imprevistos ou grandes compras, extras de alimentación, roupa ou calzado, contratar novos servizos para o fogar, saír a cear, ir ao cine... Tamén se inclúe poder aforrar e traballar menos horas ou deixar de traballar algún membro do fogar.

O 40,7% dos fogares galegos cambiaron os seus hábitos de compra mercando marcas brancas e produtos en oferta, sendo a medida económica máis habitual tomada polos fogares para reducir os gastos, aumentar os ingresos ou afrontar pagos. Ademais, o 27,1% diminuíu outros gastos comúns, como roupa, calzado e transporte.

Fogares que tomaron as seguintes medidas para reducir gastos, aumentar ingresos ou afrontar pagos nos últimos tres meses. Galicia

Porcentaxes

	2010/IT	2010/IIT
Cambiar os seus hábitos de compra mercando marcas brancas, produtos en oferta...	43,5	40,7
Diminuíu outros gastos comúns, como roupa e calzado, transporte..., agás alimentación	25,6	27,1
Algún dos membros do fogar tivo que poñerse a traballar ou aumentar a xornada de traballo	7,0	6,8
Recibir axuda económica de familiares ou amizades	6,0	6,7
Tomar medidas financeiras	4,8	4,98

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Nota: Considéranse medidas financeiras renegociar as condicións dos créditos ou hipotecas, solicitar préstamos para gastos correntes, aprazar pagos...

Medidas económicas que esperan realizar os fogares nos próximos tres meses

O 45,5% dos fogares galegos ten pensado saír a cear, a cafeterías, ir ao cine ou ao teatro nos próximos tres meses, o 31,5% pensa aforrar algo de cartos e o 16,2% pagarse unhas vacacións, viaxes ou estadias de lecer.

Fogares que teñen pensado permitirse os seguintes extras nos próximos tres meses. Galicia

Porcentaxes

	2010/IT	2010/IIT
Pagarse unhas vacacións, viaxes ou estadias de lecer	14,1	16,2
Saír a cear, a cafeterías, ir ao cine, ao teatro	42,4	45,5
Facer fronte a imprevistos ou grandes compras	9,8	7,0
Aforrar algo de cartos	28,7	31,5
Facer algún extra en produtos de alimentación	10,1	3,4
Algunha compra extraordinaria en roupa ou calzado	7,9	4,7

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Compra de vivenda e coche nos fogares

O 22,3% dos fogares galegos están pagando a vivenda principal que compraron, o 11,4% o coche e o 5,3% unha segunda vivenda.



Fogares que teñen comprado e están pagando algún dos seguintes bens. Galicia

Porcentaxes

	2010/IT	2010/IIT
Vivenda principal	22,3	22,3
Segunda vivenda	5,3	5,3
Coche	12,7	11,4

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ECF_2010_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>